



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE DECEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/1065/2012.- MARÍA DEL CARMEN SUÁREZ LIÑARES.- Subsanan o acordo da Xunta de Goberno da cidade na sesión do 7 de novembro de 2013 para facer constar que a licenza de obra é para construír un Edificio de dúas vivendas duplex e local destinado a garaxe na Rúa Pastoriza, 12.

LIC/1091/2013.- JOSÉ FRAGA RODRIGUEZ.- Aceptación da cesión e outorgamento da licenza para construción de vivenda unifamiliar en Lg. Queiroal, Pardaces de Abaixo.

LIC/1745/2013.- INMOBILIARIA POCOMACO, S.A.- Conceder licenza de obra para reconstruír un muro de contención na Rúa Costa de San Marcos, 16.

PRÓRROGA

LIC/1637/2013.- PATRICIA POMBO FERREIRO.- Conceder prórroga da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do día 2 de novembro de 2010 para construción dunha vivenda unifamiliar en Lg. Son de Arriba, 12.

DENEGACIÓNS

LIC/2072/2012.- ALBINO MUNIN MUNIN Y ALFREDO SOTO CASAL Denegación de cancelación do aval.

3.- Propostas do Concelleiro substituto da Área de Servizos Sociais relativas a axudas de carácter social.

Apróbase a denegación de diversas axudas de carácter social por non reunir os requisitos para poder acceder ás devanditas axudas.

4 a 85 .- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU - Plusvalía), no imposto sobre bens inmobles (IBI), no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) e no imposto sobre actividades económicas (IAE).

Concédense as bonificacións solicitadas.

86.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao arrendamento do baixo da rúa do Medio nº 65.

Acórdase dar por extinguido o contrato entre un particular con EMUVISSA para o aluguer dun baixo na rúa do Medio, 65 por desestimento dos seus arrendatarios, acordando a devolución da fianza. Tamén se aproba a adxudicación do arrendamento deste baixo a favor dun particular por un período dun ano e por un renda de 360,50 €/mes. Isto é froito do convenio asinado o 5 de xullo de 2006 entre EMUVISSA, o Consorcio e o Concello para desenvolver o Programa Edificios Tutelados no Centro Histórico. EMUVISSA rehabilitaba o edificio e recuperaba a inversión polos gastos de obra e xestión non subvencionables polo Consorcio vía arrendamento.

87.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación da Relación de Postos de Traballo.

Apróbase a devandita modificación, tras a reorganización das áreas de goberno, departamentos e servizos co obxecto de que estes se adecúen á normativa vixente, que se adapten o maior posible aos traballos que veñen desenvolvendo e tamén ás necesidades que xorden, dentro da potestade organizativa da Administración Local. Entre estes cambios compre citar o da Secretaría Xeral, para adaptala ao establecido no Regulamento Orgánico Municipal e ao Estatuto de Capitalidade, que contempla unha estrutura máis axeitada para o desenvolvemento do seu traballo e adaptación á Lei de Grandes Cidades, que deriva na creación da Xefatura de Servizo de Asistencia Xurídica. Estas modificacións tamén veñen determinadas pola necesidade de adaptación do cadro municipal como consecuencia da redución de postos de traballo provocada maioritariamente pola xubilación de empregados municipais e a prohibición de convocar as prazas vacantes determinada pola Lei de Orzamentos do Estado, coñecida como a taxa de reposición de efectivos.

88.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes para dar conta da renuncia a unha subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta da renuncia desta subvención, por un importe de 10.980 €, debido á falta de orzamento propio na Concellaría de Deportes para o subministro de valos protectoras e de porterías de hóckey por un importe de 45.000 €.

URXENCIAS

- 1.- Dáse conta da concesión dunha prórroga da subvención de dous contratos de axentes de emprego por un período dun ano, por un importe de 23.679,16 euros.
- 2.- Iníciáanse os trámites para a recepción de obras da rehabilitación da Casa de Brandía para centro sociocultural (Fase II).
- 3.- Dáse conta da renuncia á bolsa de comedor, por traslados, de catro alumnos.